

# 2006

**CAMIÑADAS FOTOGRÁFICAS POLO RÍO** Leváronse a cabo diversas camiñadas fotográficas polo río co obxectivo de facer un arquivo fotográfico da situación actual do río e do seu entorno.

**CATÁLOGO DE ÁRBORES SENLLEIRAS** Solicitouse a Consellería de Medio Ambiente a inclusión de diversas árbores que están situados nas beiras do río, no Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia.

**GRAVACIÓN E PRESENTACIÓN DOCUMENTAL** Levouse a cabo a gravación do documental "Vémonos no río, a descuberta do río dos Gafos", con alumnos de Comunicación Audiovisual da Facultade de Ciencias Sociais de Pontevedra. Foi presentado na Sala Sargadelos de Pontevedra, a cidadanía en xeral, e no CEIP Campolongo aos directores dos centros de ensino da comarca de Pontevedra. A Universidade de Vigo, dentro do IV Premio de Creación Audiovisual, concedeulle o segundo premio a dito documental.

**DENUNCIA DE VERTIDOS** Denúnciase ante o SEPRONA e ante os medios de comunicación que no tramo onde o río se denomina Toxal, na freguesía de Bértola, Vilaboa, sufriu un vertido dun "líquido" que provocou a morte da totalidade dos peixes nun tramo de dous kilómetros.

**CATALOGACIÓN BOTÁNICA** Continúase coa catalogación de árbores, arbustos e herbas, coa dirección do botánico Javier Silva Pando.

**EXCURSIÓN DIDÁCTICA** Visita de alumnos do centro Príncipe Felipe de Pontevedra, acompañados por membros de Vaipolorío.

**FIXANDO TOPONÍMIA** Levouse a cabo a colocación de letreiros indicativos de diferentes lugares, afluentes, pontes, etc., que corresponden co traballo desenrolado polo filólogo Calros Solla fai un ano, para a recuperación da microtoponímia do río Cocho-Toxal-Tomeza-Gafos, tratando de conquistar con elo que a xente que camiña polo Río identifique os nomes cos que tradicionalmente se viñan denominando ditos espazos. Ditos letreiros son de "pedra do país" reutilizada, co gaio de minimizar os residuos que producen os obradoiros de cantería e por outra banda a utilización dun material autóctono.

**VISITA GUIADA O INVERNADOIRO** Dita visita foi realizada ao Parque Natural - Zona de Especial Protección dos Valores Naturais do Invernadoiro, Concello Vilariño de Conxo - Ourense.

**VI CAMPAÑA DE LIMPEZA** Levouse a cabo durante 8 domingos consecutivos, cunhas características semellantes ás de anos anteriores. Nesta campaña contouse coa colaboración de persoal e internos do Centro Penitenciario A Lama en dúas xornadas, coa Concellaría de Xuventude do Concello de Pontevedra nunha xornada e coa Asociación Arela.

**PARTICIPACION NO "PROXECTO RÍOS" PROMOVIDO POR ADEGA.** Continúase coas diferentes actividades dentro do Proxecto Ríos, promovido pola Asociación de Defensa Ecolóxica de Galicia.

**OBRADOIRO DE ELABORACIÓN DE COMPOSTAXE** Organizouse un obradoiro de elaboración de compost (teórico-práctico), en colaboración co Grupo Ecoloxista Gaia, de A Illa de Arousa, e o CEIP de Campolongo de Pontevedra.

**SAÍDA BOTÁNICA AO COMPLEXO INTERMAREAL DE A LANZADA** Saída botánica para a descrición de ecosistemas existentes e evolución do territorio do espazo protexido istmo da Lanzada.

**PROGRAMA NOITES ABERTAS** En colaboración coa Concellaría de Xuventude do Concello de Pontevedra, organizouse unha saída nocturna polo río dos Gafos, dirixida polo naturalista Federico de la Peña.

**MEMORIA HISTÓRICA** Levouse a cabo ao carón da Ponte da Condesea un relatorio a cargo de veciños do río que directa e indirectamente sufriron a represión do réxime franquista.

**PONTE DO COUTO** Solicitouse das administracións (Concello de Pontevedra, Deputación de Pontevedra e Consellería de Medio Ambiente) a recuperación da Ponte do Couto, así como do seu entorno, situada sobre o río dos Gafos ó carón da Rúa Otero Pedrayo neste concello de Pontevedra.

**CATÁLOGO MICOLÓXICO DO RÍO** O obxectivo desta actividade é coñecer a biodiversidade fúnxica que alberga o bosque de ribeira do Río dos Gafos. O encargado de coordinar esta catalogación é Jaime Bernardo Blanco Dios, enxeñeiro agrónomo e experto en micoloxía.

**XORNADA DE ANELAMENTO CIENTÍFICO** Levada a cabo por Vitor Cabaleiro, anelador científico, membro de Vaipolorío.

**CAMPAÑA DE RECUPERACIÓN DE FOTOS ANTIGAS** Iniciouse una campaña pra recuperación de fotos antigas do río, do seu entorno e das persoas que tiveron nalgún momento relación co mesmo.